

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Masaguer, Francisco
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
Mikic Fonte, Fernando A.
Pazos Arias, José J.
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, Estela
Suárez González, Andrés

De Arriba Pérez, Francisco
Fondo Ferreiro, Pablo
García Méndez, Silvia
Ramos Merino, Mateo

Liz Domínguez, Martín

Valcárcel Cortés, Ana
Vilar Arias, Víctor

ESCUSAN ASISTENCIA

Costa Montenegro, Enrique
Fernández Veiga, Manuel
López Nores, Martín

González González, Jaime

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 17 de xaneiro de 2019, convocada para as 11:00 horas en primeira convocatoria e para as 11:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O xoves 17 de xaneiro de 2019 ás 11:33 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas pendentes.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 28 de novembro de 2018.

2. Informe do Director.

O Director informa de que firmou unha carta de aval ao grupo GTI apoiando o seu interese por acoller un investigador do programa Ramón y Cajal. O Director tamén informa de que Beatriz Lorenzo acaba de gañar unha praza de investigadora distinguida no programa de retención de talento da Universidade de Vigo, e que esta persoa solicitou dar clase, co cal xestionouse a súa incorporación ao máster MET na materia “Redes sen Fíos e Computación Ubicua” e ao máster CS na materia “Fortificación de sistemas operativos”, en substitución de profesores que tiñan asignada unha carga docente superior á que lles corresponde. Tódolos implicados están de acordo e, como non supón ningún cambio na docencia do grao, non é necesaria a aprobación do Consello de Departamento. Felipe Gil Castiñeira pregunta se oficialmente Beatriz Lorenzo pode dar docencia teórica e o Director contéstalle que se fará unha consulta ao reitorado a tal efecto. O Director pregunta se alguén dos presentes oponse a que Beatriz Lorenzo imparta docencia teórica e ninguén se opón. O Director tamén informa de que a materia Programación II pasará a impartirse no primeiro curso do grao e que este cambio tratarase no que corresponde a esta materia como si fose un cambio de plan de estudos. Haberá, polo tanto, que duplicar a docencia da materia neste próximo curso e facer exames extraordinarios durante un par de anos trala súa desaparición do segundo curso. Por último, o Director informa da falta de financiación que vai ter a biblioteca en canto a adquirir novo material.

3. Aprobación, se procede, de criterios para a asignación de docencia a persoal incorporado ao Departamento trala aprobación do POD.

O Director propón retirar este punto da orde do día para tratalo máis adiante. Apróbase, por asentimento, retirar o punto 3 da orde do día para tratalo máis adiante. Francisco Javier González Castaño roga que non se demore moito o tratar este tema.

4. Aprobación, se procede, dunha declaración pública, solicitada ao Departamento de Enxeñaría Telemática polo profesor D. Francisco Javier Fernández Masaguer, valorando o acontecido na Xunta de Escola do 19/12/2018 respecto da emisión dun informe desfavorable sobre a súa labor docente.

O Director abre un rolda de palabra. Francisco Fernández Masaguer comenta que lle parece correcta a declaración presentada pola dirección. Apróbase, por asentimento, dita declaración.

5. Rogos e preguntas.

Raúl Rodríguez Rubio roga que no caso de non haber financiación para novas adquisicións da biblioteca, se estudie destinar algunha cantidade das partidas regulares do DET á compra de libros.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:48 do día 17 de xaneiro de 2019, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte